

SNOWDEN

[Oliver Stone, 2016]

163

ESTREA EN NUMAX: 14.10.2016 | V.O.S.E. | +7

Snowden (2016, 134')

Dirección: Oliver Stone

Guión: Oliver Stone, Kieran Fitzgerald (Libro: Luke Harding)

Reparto: Joseph Gordon-Levitt, Shailene Woodley, Melissa Leo, Zachary Quinto, Tom Wilkinson, Rhys Ifans, Nicolas Cage, Timothy Olyphant, Scott Eastwood, Joely Richardson

Montaxe: Alex Marquez, Lee Percy

Dirección de arte: Sarah Horton, Adam O'Neill, Uwe Stanik

Vestuario: Cory Ching

Son: Kris Fenske

Música: Craig Armstrong, Adam Peters

Fotografía: Anthony Dod Mantle

Produtora: Open Road Films,

Onda Entertainment (Estados Unidos)

Distribuidora: Vértigo Films

Formato de proxección: DCP 4K, 2.35:1

FILMOGRAFÍA

La historia no contada de los Estados

Unidos (TV), 2012

Wall Trade Center, 2006

Comandante, 2003

Nixon, 1995

Asesinos natos, 1994

J.F.K.: caso abierto, 1991

Nacido el cuatro de julio, 1989

Platoon, 1986

SINOPSE

Edward Snowden deixa o seu traballo nunha empresa contratista para unirse en 2003 ao exército norteamericano. Pero, tras un aparatoso accidente, vese obrigado a deixalo. Así acabará traballando na NSA e na CIA, postos que tamén abandona. Porén, grazas a contar con información privilexiada, Snowden fai unha filtración de documentos que relevan importante información sobre a NSA.

«Para os espectadores que nunca viron *Citizenfour* e que tal vez só teñan unha vaga idea de quen é, o que revela, e por que o fixo, é moi probábel que *Snowden* lles proporcione unha experiencia reveladora.»

Alonso Duralde. THE WRAP



SNOWDEN

[Oliver Stone, 2016]

«A CIA controla Hollywood»

Entrevista a Oliver Stone
por Michael Hainey

Como conseguiches que Snowden colaborase no filme? El confiaba en nós. Vira o guión, o que non significa que tivese control sobre o mesmo, e traballouno, fixoo mellor.

Fixo anotacións? Si, boa parte do material era texto codificado que non metín no filme pois era material que a maioría da xente atoparía irrelevante e só alguén da NSA podería entender. Mais nalgúns escenas Ed axudounos para cometer os menos erros posibles. Non me interesaba dar demasiados detalles e el comprendeu a natureza do filme e fixo suxestións dramáticas.

Daquela atopábase a gusto. Se fose doutro xeito teríamo dito. Ás veces a vida real pode non ser tan emocionante como un filme. Coido que Hitchcock dixo que o cinema era a vida logo de descartar os intreos aburridos. E coido que Ed podería escribir un libro algún día. No filme non revela todos os detalles sobre o que lle aconteceu, o que fixo ou con quen estivo. Ed non quere danar a ninguén. A súa posición é oposta á de Julian Assange.

O filme ofrece a túa versión de sucesos moi polarizados. Coidas que rematarás acusado por algún contido do filme? Non, porque se trata dunha ficción.

Mais o filme sitúase nun contexto concreto. A primeira frase do filme di que se trata dunha dramatización.

Iso non ha parar á xente. Xa che sucedeu con JFK... E con *Nixon* e *World Trade Center*.

Daquela non estás preocupado de que a xente considere a Snowden un traidor? Non hai probas. Un traidor tería compartido a súa información con potencias estranxeiras. Mais el destruíunas. Cando foi a Rusia non levaba a información do que conseguira na NSA. Algunha xente acusouno de dar información a China, mais ningunha destas acusacións foi probada. Non son consciente de ter feito ningunha distorsión do personaxe. Non tentamos maquillalo. Ed era un bo rapaz, conservador por natureza, que

tras o 11 de setembro decidiu alistarse no exército e máis tarde na NSA. Cinguímonos á verdade. Pregúntasme se houbo algunha distorsión e podemos falar de varios exemplos nos que a historia dos Estados Unidos foi distorsionada no cinema. A CIA controla Hollywood, aparecen en series como *24* ou *Homeland* como heroes, é noxento. Atópanse por tras de filmes de Kathryn Bigelow como *La zona más oscura*, influenciando a escrita do guión. Aí si que podemos falar de distorsión.

Que cres que motivou a Snowden? A conciencia e o seus principios. Coido que esa é a parte máis fascinante da historia. El tiña 29 anos. Non se ve moita xente da súa idade coma el.

Coidas que se arrepentiu de algo? Non creo. O home que vin hai unhas semanas é o mesmo que vira en 2015. Ten moita determinación.

No teu documental *La historia no contada de los Estados Unidos* dis que o mal non chega de fóra, senón de dentro. A que te refires? O amor pola violencia e o militarismo atópase no noso ADN. Foi aumentando e aumentando e combinándose con arrogancia e prepotencia. Ao igual que calquera imperio.

E que opinas do medo? O medo é algo moi grande que cómpre confrontar con meditación. Tento facela sempre que podo.

Sempre fuches tan contemplativo? Antes era máis egoísta e inestábel, como unha loita entre Jekyll e Hyde. Mesmo me alistei para loitar en Vietnam. Tiña unha gran confusión e quería probarme como home.

No filme hai unha frase inspirada en Ayn Rand que di: «Un home pode parar o motor do mundo». É Snowden *randiano*? El admíraa. Era libertario nas súas orixes. Admiraba a Thoreau e o primeiro Tea Party. Eses homes que quebraron a lei e comezaron unha revolución. Transgredir a lei pode ser bo cando se fai por un obxectivo superior. Para min esa é a base do filme, a dun home cunha extraordinaria conciencia. E a xente perdeu esa conciencia. Vino en Vietnam, con rapaces que perderon a súa autonomía para obedecer a unha autoridade meirande.

Publicado en www.wired.com/
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

O caso Snowden, Antoine Lefébure.
Orfeu Negro, 2016
O cuarto poder en rede, Víctor Sampedro.
Abooks, 2014
Insumisos, Tzvetan Todorov.
Galaxia Gutenberg, 2016

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME